




O desenvolvemento comunitario no barrio de As Fontiñas.

-Memoria de actividades (1998-2012)-

EQUIPO COMUNITARIO



O traballo en rede, que se está levando a cabo dende o ano 1998, repercutiu favorablemente no benestar dos veciños e das veciñas do barrio; pero..., sin entrar na avaliación de casos en particular, si é necesario sinalar que favoreceu e foi a base para a dotación de novos recursos. Así, e só a modo de exemplo, podemos sinalar que:

A).- **Incrementouse o grao de información** que a cidadanía ten dos distintos servizos cos que pode contar para mellorar a súa calidade de vida, a través de:




⇒ A elaboración e publicación da **guía “As Fontiñas: entidades de servizo á cidadanía”**.

⇒ A utilización das novas tecnoloxías como instrumento de comunicación e de difusión da información, a través da creación e posta en funcionamento dun entorno virtual, denominado “Barrio de Fontiñas”, aloxado na **web Compostela Intgra** (Concellería de Servizos Sociais).



⇒ O **Periódico do noso barrio “O Mirador”**, elaborado e impulsado dende o Programa municipal de Educación de Rúa (Concellería de Servizos Sociais), converteuse nun instrumento para facer chegar a voz do vecindario e dos profesionais que traballamos en Fontiñas.



creación de novos servizos e programas:


⇒ Xurde así o **programa de atención a familias monoparentais “Abeiro”**, como instrumento de apoio integral, dirixido a familias monoparentais ou con dificultades e con menores ao seu cargo, que pretende, entre outros fins, outorgarlles aos seus proxenitores unha maior disponibilidade para acadar a súa inserción laboral.



⇒ A iniciativa dos Servizos Sociais Municipais (a través da UTS Fontiñas) e co apoio de todas e cada unha das entidades do barrio, deseñouse e implementouse o **Proxecto municipal de Educación de Rúa** (Concellería de Servizos Sociais). Considérase que, si ben hai que traballar coa poboación adulta co obxecto de minguar calquera factor de risco social, non se pode obviar en ningún caso a intervención coas mais novas, buscando “ese cambio xeneracional”, cunha perspectiva de futuro distinta (en canto á formación, ao acceso ao emprego, a acadar unha convivencia e unha ocupación positiva do tempo de lecer, ...). Dende a informalidade da vida cotiá, xurde a intervención dos educadores de rúa.



⇒ Os educadores de rúa colaboraron co IES Antonio Fraguas na posta en marcha do **Programa de Mediación Escolar**. Ter alumno formado en mediación comporta beneficios evidentes, non só na institución escolar, senón tamén no propio barrio. Un alumno formado en mediación mellora a súa competencia como alumno, pero tamén como persoa e cidadán. Cruz Vermella reforza os programas que se levan a cabo no IES, con obradoiros de educación afectivo-sexual, de prevención, etc.



⇒ Traballamos a convivencia, pero dende a diversión... Utilizamos os medios audiovisuais para isto e tamén para dar a coñecer aos demais os nosos traballos... Así, e dende o Proxecto Municipal de Educación de Rúa, en coordinación con tódalas entidades do barrio, e cun enfoque interxeneracional, realizase o **cortometraxe “Rúas de vida”**.

⇒ Non nos podemos olvidar dos grupos mais vulnerables da nosa comunidade... Así, xurde o **Proxecto municipal Esqueira** (deseñado e implementado polo equipo de inclusión sociolaboral da Concellería de Benestar Social, contando coa colaboración de tódalas entidades sociais, educativas e sanitarias do barrio de Fontiñas para a súa impartición). O noso obxectivo: ofrecer un espazo de encontro onde se traballen valores como a igualdade, o respecto, a responsabilidade, ..., ademais de dar a coñecer os recursos disponibles no seu contorno, que poden ser de utilidade para a vida cotidiana.



Presentación do proxecto de intervención comunitaria en materia de absentismo escolar.



Asistentes a actividades comunitarias no barrio de Fontiñas



Grupo de traballo no barrio de As Fontiñas.



Actividades do proxecto de Educación de Rúa.

C).– Traballamos para o futuro, en prol da autonomía das persoas... Perseguindo este obxectivo **melloramos o grao de asistencia dos menores do barrio aos centros educativos**, considerando que facer real e efectivo o dereito á escolarización é un aspecto fundamental para contribuir ao desenvolvemento óptimo das persoas e a fomentar a igualdade de oportunidades. Despois de quince anos continuados de traballo, podemos afirmar que os índices cuantitativos do absentismo escolar no barrio de Fontiñas non son moi significativos; así, si correlacionamos os datos dos menores que presentan esta problemática co número de menores en idade obligatoria de escolarización, obtemos que o alcance da mesma se sitúa ao redor do 0,87 % (datos extraídos da avaliación realizada no curso 2009-2010); hoxe incluso, inferior. Pese a que estas cifras parecen non sustentar a necesidade deste proxecto conxunto de intervención, a conxugación con outros factores (análise dos colectivos poboacionais aos que pertence, repercusión no grao de integración social, conflitos xenerados no contorno comunitario, conductas asociais, lazos de dependencia institucional que van a mostrar a medio prazo, etc.), fai que dende os servizos públicos e entidades de iniciativa social da zona se preste especial atención á intervención con este colectivo e, en consecuencia, coas súas familias. Actuacións directas cos propios menores e cos seus proxenitores (entrevistas, visitas domiciliarias, dinámicas grupais, encontros de formación, mediación, etc.), intervencións indirectas co entorno mais inmediato (membros da familia extensa, dos seus grupos de iguais, líderes comunitarios, etc.) e accións mais globais (de impulsar modificacións legislativas, de elaboración de protocolos e de concreción de canles de coordinación) son os pilares que sustentan a rentabilidade social do noso proxecto de intervención.

D).– **Non nos podemos olvidar dos nosos maiores...** Con esta idea nace o proxecto de colaboración entre Cáritas Parroquial de As Fontiñas, a Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas e a Unidade de Traballo Social de Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Municipais), para a posta en marcha dun servizo de **voluntariado social** neste ámbito territorial e poboacional de referencia, xestionando o grupo de voluntarios Cáritas parroquial e correndo a cargo da detección e valoración de casos, susceptibles deste proxecto, as Unidades de Traballo Social mencionadas. Este proxecto baséase na estreita colaboración entre as tres entidades mencionadas, materializando desta forma un dos principios básicos do voluntariado: a colaboración entre as entidades e as Administracións Públicas como complemento do traballo profesionalizado. Coa posta en marcha deste proxecto son varias as necesidades que se pretenden satisfacer:

- ⇒ A situación de soidade e illamento.
- ⇒ A necesidade de apoio ás persoas maiores ou dependentes con rede de apoio social e familiar inexistente ou insuficiente.
- ⇒ A necesidade de participación no eido da comunidade por parte de persoas que, de forma altruísta, desexan apoiar ás anteriores e fortalecer a rede de apoio informal no seo da propia comunidade, adxudicándolle o papel de protagonistas no eido da intervención social.


Curz Vermella apoia tamén aos nosos maiores, levando a cabo **programas de envellecemento activo, actividades de ocio e tempo libre** (obradoiros de memoria, informática, cociña...); conta tamén cun **servizo de voluntariado** dirixido a persoas maiores con falta dun referente familiar ou social, para facilitarles compañía ou acompañalos á realización de xestións. As novas tecnoloxías están presentes co servizo de **teleasistencia domiciliaria**, no que se atende ás persoas maiores a través dun sistema de chamadas.

E).– **Os nosos maiores deben estar informados** dos recursos e servizos dos que dispoñen para mellorar a súa calidade de vida. Esta idea é a que fundamenta os encontros cos diferentes grupos que están a funcionar no barrio (por exemplo, o Club de Maiores do CSC de Fontiñas) e a difusión das actividades, tanto en soporte papel (con trípticos informativos, na guía de entidades de As Fontiñas) como informático (na web Compostela Intgra).



F).– Pero **tampouco podemos esquecer a aqueles que se atopan en situación de dependencia...** Contamos cunha gran potencialidade no barrio e esta é a ACCE-SIBILIDADE, que facilita o día a día dos nosos veciños e veciñas... Contamos cun grupo importante de persoas, que presentan un estado de saúde deficitario, e que precisan do apoio dunha terceira persoa para o desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria. Co obxecto de facilitar “ese día a día” e de “*minguar a presión familiar que supón a prestación de coidados*” é importante que estén correctamente informados dos recursos dos que dispoñen no ámbito social e sanitario. Con ese obxectivo de mellorar a súa calidade de vida, plantéxase un traballo en rede e coordinado entre a Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas e a Unidade de Traballo Social de Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Municipais).

G).– E **nunha época difícil** para toda a poboación, tentamos conxugar as necesidades das persoas coa colaboración cidadá, potenciando a solidariedade social. Así, nace o proxecto de colaboración conxunto entre Cáritas Parroquial de Fontiñas, a UTS do Centro de Saúde e a UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Municipais). Buscamos o apoio de todos vós, apoio para saber quen precisa axuda e apoio para “multiplicar esa axuda”. A todas e todos, GRACIAS.




E).– **Os nosos logros son tamén celebrados...**, e novamente retomamos o espírito que fundamenta o noso que-facer cotiá: Incidir na convivencia, dende o respecto á diferenza. E así:

⇒ Todos xuntos celebramos a consecución do **premio europeo de arquitectura Philippe Rothier (ano 2008)**. O galardón que recoñecía o deseño urbanístico do barrio, pero tamén se fixo un recoñecemento ao exemplo de integración e de convivencia que representa, no que diferentes culturas conviven en harmonía.



⇒ Cos nosos rapaces e rapazas **clausuramos as súas actividades deportivas**; recoñecer o traballo ben feito é de xustiza...

⇒ Aproveitamos a **conmemoración de datas sinaladas** (días internacionais, semanas culturais, festas de fin de curso, festas do barrio, magosto comunitario...), para estar todos xuntos, para evidenciar que a diversidade é un elemento enriquecedor da nosa zona... E que mellor instrumento que a música e o baile..., porque “Kamelamos guinar chanelando el flamenco...” (“queremos contar a través del flamenco”), e desde aquí “...los acáis del barrio dikando culturas” (“los ojos del barrio mirando culturas”).



Cartel divulgativo da curtame-traxe “Rúas de Vida”.



Xuntanza en Cáritas Parroquial de Fontiñas.



Cartel divulgativo do acto de celebración da concesión do Premio Philippe Rothier.



Peché da implementación dunha actividade comunitaria.

H).– E..., outras entidades amosan interese polo traballo que, dende hai mais de 12 anos, se está levando a cabo en Fontiñas... Así, solicitan a nosa presenza para asistir a distintas accións formativas. Entre elas, podemos suñir:

- ⇒ **Ponencia sobre o Departamento de Orientación e as relacións cos servizos comunitarios.** Santiago de Compostela, 2007.
- ⇒ **Mesa de experiencias de centros educativos: Intervención sociocomunitaria no barrio de Fontiñas.** Pontevedra, 2007.
- ⇒ **Ponencia “A intervención comunitaria en materia de absentismo escolar”**, Santiago de Compostela e A Coruña, 2009.
- ⇒ **Presentación do Proxecto de intervención comunitaria no barrio de Fontiñas.** Santiago de Compostela, 2009.
- ⇒ **Ponencia sobre o programa PROA e a intervención en programas de convivencia e interculturalidade no IES Antonio Fraguas e no Barrio de Fontiñas,** Santiago de Compostela, 2010.
- ⇒ **Ponencia “A intervención comunitaria en absentismo escolar”**, Ferrol, 2011.
- ⇒ **Ponencia “Convivencia e interculturalidade na escola e no contorno”**, A Coruña, 2011.
- ⇒ Ponencia **“O traballo en rede; unha aposta pola convivencia”**, Santiago, 2012.
- ⇒ Ponencia **“Fontiñas: dende a diversidade á convivencia”**, A Coruña, 2012.
- ⇒ Ponencia **“O traballo en rede”**, A Coruña, 2012.
- ⇒ Ponencia **“O traballo comunitario no barrio de Fontiñas”**, Santiago de Compostela, 2012.
- ⇒ Ponencia **“A realidade social no barrio de Fontiñas”**, Santiago de Compostela, 2012.
- ⇒ Ponencia **“O traballo en rede: convivencia e diversidade”**. A Coruña, 2012.
- ⇒ Ponencia **“En rede: o educativo e o comunitario camiñan da man no barrio de Fontiñas”**. Portugal, 2012.

I).– Deixar constancia por escrito do traballo realizado tamén é importante... A modo ilustrativo, podemos sinalar as seguintes publicacións:

- ⇒ Gómez Paz, M. Et al. (2007) “A convivencia e a educación intercultural no noso centro” en *Revista Galega de Educación*, nº 39.
- ⇒ Montero, L. e Sanz Lobo, Mª D. (2008) “Entre la realidad y el deseo: Una visión del asesoramiento” en *Profesorado. Revista de Currículum y formación del profesorado*. <http://www.ugr.es/~recfpro/rev121COL3.pdf>
- ⇒ Sanz Lobo et al.: (2008) “Espazos para a interculturalidade” en SAUDIÑA nº 14 Consellería de Educación., pp80-82 <https://www.edu.xunta.es/valora/files/SAUDI%C3%91A%2014.pdf>
- ⇒ Sanz Lobo, M.D. et al (2006) Xitanos hoxe: unha ponte entre a escola e o contorno. *Revista Galega de Ensino*. Xunta de Galicia
- ⇒ Sanz Lobo, M.; González Garrido, C.; González Santiago, E.; Viqueira Pérez, M. J.; Sixto Solar, B. (2009) **O absentismo, un problema de todos**. *Revista Galega do Ensino*, <http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXPL/revistagalega/rge56/Edu56.htm>
- ⇒ Sanz Lobo, M.; González Garrido, C.; González Santiago, E.; Viqueira Pérez, M. J.; Sixto Solar, B. (2009) **Absentismo escolar: ¿un problema de todos?** *Revista de organización y gestión educativa*, Madrid, Wolters kluwer. http://www.oge.net/ver_pdf.asp?idArt=13155
- ⇒ Sanz Lobo, M.; González Garrido, C.; González Santiago, E.; Viqueira Pérez, M. J.; Sixto Solar, B. (2009) **Faltan a clase, ¿que facer?** *Revista Galega de Educación*.
- ⇒ E todos xuntos, decidimos publicar a guía **“As Fontiñas: entidades de servizo a cidadanía”**. Ed).– Concello de Santiago de Compostela. 1ª ed. 2005; 2ª ed. 2010.
- ⇒ Sanz Lobo, M.; González Santiago, E.; Viqueira Pérez, M. J.; (2012). **“As Fontiñas: un barrio que educa para a convivencia”**. *Revista Galega do Ensino*.
- ⇒ Sanz Lobo, M.; González Garrido, C.; González Santiago, E.; Viqueira Pérez, M. J.; (2012). **Igualdade de trato e cultura xitana: retos e actuacións no barrio de Fontiñas**. **ICE**.
- ⇒ Sanz Lobo, M.D. e Valcárcel, A. **Construindo os efectos dende a escola** (2012). *Revista Nova Escola Galega*.
- ⇒ González Santiago, E. M.; Viqueira Pérez, M. J.; Sanz Lobo, M. D.; López Blanco, S.; Salgado Couselo, F. J. **Proxecto de intervención comunitaria en materia de absentismo escolar** (2012).
- ⇒ González Santiago, E. M.; Viqueira Pérez, M. J.; Sanz Lobo, M. D.; López Blanco, S.; Salgado Couselo, F. J. **Avaliación do proxecto de intervención comunitaria en materia de absentismo escolar** (2012).
- ⇒ Sanz Lobo, M. D. e González Santiago, E. M. **“O educativo e o comunitario camiñan da man”** (2012). *Revista do Congreso “A Fenda Dixital”*
- ⇒ Baleato Negreira, Alcira. **Programa Pista** (2012). *Revista Fervenzas*.

Mais información: www.compostelaintegra.org



FIESTA

Galardón a Fontiñas por su urbanismo e integración social


20.12.2008 El barrio celebra hoy la concesión del premio de arquitectura Philippe Rothier // El programa incluye actuaciones musicales y la inauguración de un grafito

★ ★ ★ ☆ ☆ 2.8/5 [11 Voto/s] 0 comentarios Me gusta 0 Tweetear Compartir atrás

REDACCIÓN • SANTIAGO



El barrio de As Fontiñas fue galardonado con el premio de arquitectura Philippe Rothier 2008. El galardón reconoce el diseño urbanístico del barrio, pero también su espíritu integrador. De ahí que la fiesta con la que hoy se va a conmemorar este premio lleve por lema Fontiñas, un barrio a imitar.



Grafito de los alumnos de Fontiñas que se inaugurará

La Voz de Galicia.es article snippet: Fontiñas celebra el reconocimiento europeo a su diseño urbanístico. El barrio festejó el reciente galardón con una muestra de la variada actividad de sus agrupaciones culturales.



"Neste barrio, un crisol de xentes traballan e conviven con dinamismo e vitalidade. Foron moitas as persoas, entidades, institucións e asociacións que uniron esforzos para lograr que As Fontiñas sexan un exemplo de integración".